CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

DECRETO 126/2008

CONVOCATORIA SESIÓN PLENARIA

En virtude do disposto no artigo 40 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Corporacións Locais, en consonancia co artigo 210.2 da Lei 5/1997, de Administración local de Galicia **RESOLVO CONVOCAR** Sesión deste Concello en Pleno Ordinario a celebrar na Casa da Cultura do Concello, na hora e data indicados e con suxeición a Orde do Día que se indica.

Clase de Sesión.....	**ORDINARIA**
Data da Sesión:.....	**05 de xullo de 2008**
Hora de celebración en primeira convocatoria:.....	**10:30 horas**
(a mesma hora, dous días despois en segunda convocatoria)	

ORDE DO DÍA

Parte substantiva

1. **APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA ANTERIOR CORRESPONDIENTE Á SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO 5 DE ABRIL DE 2008.**
2. **TOMA DE POSESIÓN DO CONCELLEIRO DON JOSÉ FERNANDO GARCÍA LESTA.**
3. **TOMA DE POSESIÓN DO CONCELLEIRO DON ADOLFO GROBAS VÁZQUEZ.**
4. **APROBACIÓN DO PLAN ESPECIAL DE HERBA ARTIFICIAL NOS CAMPOS DE FÚTBOL MUNICIPAIS 2007 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL.**
5. **MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PsdeG – PSOE SOBRE VÍTIMAS DO TERRORISMO.**

Control da xestión municipal

6. **DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS (08/2008 a 13/2008) E DECRETOS DE ALCALDÍA (49/2008 a 122/2008).**
7. **DAR CONTA DAS ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DENDE O 10 DE ABRIL ATA O 5 DE XUÑO DE 2008.**
8. **ROGOS E PREGUNTAS.**

Notifíquese esta Resolución ós Señores Concelleiros e publíquese no Taboleiro de Anuncios de este Concello. A partir desta data teñen a súa disposición os antecedentes dos asuntos na Secretaría do Concello.

En MESÍA, a 2 de xullo de 2008.

Ante min,

O ALCALDE, A SECRETARIA-ACCIDENTAL,

Dª Mariano Iglesias Castro. Dª Carmen Blanco Villares.

CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE MESÍA CELEBRADA O DÍA 5 DE XULLO DE 2008.

ALCALDE:

D. Mariano Iglesias Castro	PSdeG – PSOE

CONCELLEIRO/AS:

D. Antonio Quindimil García.	PSdeG – PSOE
D. José Ángel Sánchez Sánchez.	PSdeG – PSOE
Dª Pilar Sánchez Ulloa.	PSdeG – PSOE
D. Gervasio Sánchez Barreiro.	PSdeG – PSOE
D. José Fernando García Lesta	PSdeG – PSOE
D. Severino Álvarez Monteserín.	PP
Dª María José Quindimil Suárez.	PP
D. Adolfo Grobas Vázquez.	PP
D. Pedro M. Pedreira Candal.	BNG
D. Manoel Bello Salvado.	BNG

SECRETARIA - ACCIDENTAL:
Dª Carmen Blanco Villares.

En Mesía, a 5 de xullo de 2008, sendo as dez horas e trinta minutos, na Casa da Cultura do Concello, logo da convocatoria para o efecto, reuníronse, en primeira e pública convocatoria, os señores concelleiros que se relacionan na marxe, co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Pleno.

A tódolos asistentes entregáraselles copia da Orde do Día, cos asuntos para tratar, poñéndose á súa disposición o expediente da sesión e cumprindo os trámites esixidos pola normativa vixente. Estando presente o quórum necesario, polo Sr. Alcalde declárase validamente constituída a sesión. Pásase a continuación a tratalos seguintes asuntos incluídos na Orde do Día:

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA ANTERIOR CORRESPONDENTE Á SESIÓN EXTRORDINARIA CELEBRADA O DÍA 5 DE ABRIL DE 2008.

Abre a sesión o Sr. Alcalde preguntando se por parte dos concelleiros se quere facer algunha aclaración do borrador da acta correspondente á sesión ordinaria de 5 de abril de 2008. Non habendo pronunciamentos ó respecto, sométese a votación a aprobación do acordo, adoptándose por **unanimidade** dos membros presentes.

En consecuencia, se eleva a definitiva para a súa transcrición ó Libro de Actas.

2. TOMA DE POSESIÓN DO CONCELLEIRO DON JOSÉ FERNANDO GARCÍA LESTA.

Comeza o Sr. Alcalde dándolle a palabra á Secretaria que fai lectura da proposta da que o seu teor literal di:

"CONSIDERANDO que con data de 11 de xaneiro de 2008, D. José Joaquín López Ares, presentou renuncia irrevogable o seu cargo de concelleiro, e tendo en conta que D. José Fernando García Lesta en data 7 de febreiro de 2008 aceptou o nomeamento de concelleiro.

CONSIDERANDO que o Pleno do Concello, en sesión ordinaria celebrada o día 5 de abril de 2008 aceptou a renuncia arriba indicada e tomou en consideración a aceptación de D. José Fernando García Lesta para que, previos os trámites legalmente previsto, poida tomar posesión do cargo de concelleiro para cubrir a vacante que se ocasiona.

TENDO EN CONTA que a Junta Electoral Central remitiu a credencial de D. José Fernando García Lesta como candidato seguinte da lista do PSdeG-PSOE, que fora solicitada para provisión do escano vacante na Corporación pola renuncia do anterior concelleiro, D. José Joaquín López Ares.

Propoño o Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

***Primeiro**.- Dar posesión ó cargo de concelleiro a D. José Fernando García Lesta, previo chamamento e prestación da promesa regulamentaria, conforme prevé o artigo 108.8 da Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral, co fin de que se incorpore ó acto. A tal fin, o concelleiro procederá a dar lectura a fórmula recollida no Real Decreto 707/1979, do 5 de abril: "Xuro ou prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro con lealdade o Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado". Ademais, Deberá comprobarse a credencial expedida pola Xunta Electoral Central, previo requirimento do documento nacional que acredite o electo que vai tomar posesión. Por último, a toma de posesión estará condicionada á presentación, con carácter previo, da declaración de sobre causas de posible incompatibilidade e sobre calquera actividade que lle proporcione ou poida proporcionar ingresos económicos, así como declaración dos seus bens patrimoniais.*

***Segundo**.- Tomar coñecemento da integración do concelleiro no grupo político do PSdeG-PSOE, previa presentación en Secretaría do Concello do escrito de incorporación."*

O Sr. José Fernando García Lesta presta promesa ó cargo previa presentación do D.N.I. e credencial que son comprobadas pola Secretaria, sendo felicitado tanto polo Sr. Alcalde como polo portavoz do grupo municipal do PP, que lle desexan ó mellor como membro da Corporación e todo tipo de éxitos como Concelleiro.

3. TOMA DE POSESIÓN DO CONCELLEIRO DON ADOLFO GROBAS VÁZQUEZ.

Comeza o Sr. Alcalde dándolle a palabra á Secretaria que fai lectura da proposta da que o seu teor literal di:

"CONSIDERANDO que con data de 16 de xaneiro de 2008, D. Ciriaco Varela Rotger, presentou renuncia irrevogable o seu cargo de concelleiro, e tendo en conta que D. Adolfo Grobas Vázquez na mesma data aceptou o nomeamento de concelleiro.

CONSIDERANDO que o Pleno do Concello, en sesión ordinaria celebrada o día 5 de abril de 2008 aceptou a renuncia arriba indicada e tomou en consideración a aceptación de D. Adolfo Grobas Vázquez para que, previos os trámites legalmente previsto, poida tomar posesión do cargo de concelleiro para cubrir a vacante que se ocasiona.

TENDO EN CONTA que a Junta Electoral Central remitiu a credencial de D. Adolfo Grobas Vázquez como candidato seguinte da lista do Partido Popular, que fora solicitada para provisión do escano vacante na Corporación pola renuncia do anterior concelleiro, D. Ciriaco Varela Rotger.

Propoño o Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

***Primeiro**.- Dar posesión ó cargo de concelleiro a D. Adolfo Grobas Vázquez, previo chamamento e prestación da promesa regulamentaria, conforme prevé o artigo 108.8 da Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral, co fin de que se incorpore ó acto. A tal fin, o concelleiro procederá a dar lectura a fórmula recollida no Real Decreto 707/1979, do 5 de abril: "Xuro ou prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro con lealdade o Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado". Ademais, Deberá comprobarse a credencial expedida pola Xunta Electoral Central, previo requirimento do documento nacional que acredite o electo que vai tomar posesión. Por último, a toma de posesión estará condicionada á presentación, con carácter previo, da declaración de sobre causas de posible incompatibilidade e sobre calquera actividade que lle proporcione ou poida proporcionar ingresos económicos, así como declaración dos seus bens patrimoniais.*

***Segundo**.- Tomar coñecemento da integración do concelleiro no grupo político do Partido Popular, previa presentación en Secretaría do Concello do escrito de incorporación."*

O Sr. Adolfo Grobas Vázquez presta promesa ó cargo previa presentación do D.N.I. que é comprobado pola Secretaria, sendo felicitado tanto polo Sr. Alcalde como polo portavoz do grupo municipal do PP, que lle desexan ó mellor como membro da Corporación e todo tipo de éxitos como Concelleiro.

4. APROBACIÓN DO PLAN ESPECIAL DE HERBA ARTIFICIAL NOS CAMPOS DE FÚTBOL MUNICIPAIS 2007 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL.

A continuación a Secretaria fai lectura da proposta da que o seu teor literal di:

***"1º)** Participar na segunda fase do Plan especial de herba artificial nos campos de fútbol municipais 2007 da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, polo que solicita a realización do investimento que se indica deseguido:*

***Denominación:** Instalación terreo de xogo de herba artificial no campo de fútbol municipal de Visantoña.*
***Orzamento:** 409.848,51 €.*
***Achega municipal:** 69.848,51 €.*
***Achega provincial:** 340.000,00 €.*

2º) *Aprobar o correspondente proxecto técnico da obra previsto no apartado 1º.*

3º) *Solicitarlle á deputación a delegación da contratación e execución da obra incluída no Plan, que se entenderá aceptada no suposto de que efectivamente se produza.*

4º) *Para o financiamento do importe da achega municipal con cargo aos seus propios recursos, este concello comprométese a incluír no orzamento municipal correspondente, crédito dabondo para o seu financiamento.*

5º) *Declarar que o concello non solicitou nin percibiu subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento ou, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a súa execución, que a suma total delas non supere o 100% do seu importe.*

6º) *Facultar o alcalde – presidente para executar todo o relacionado co presente acordo.".*

Terminada a lectura da proposta o Alcalde, Don Mariano Iglesias Castro, explica que se trata dun proxecto que se elaborou ó abeiro dunha subvención que convocou a Deputación Provincial para cambiar o estado do terreo de xogo dos Campos de Fútbol, continúa explicando que se elaborou para o campo de fútbol de Visantoña, por dúas razóns, unha porque é un dos que en peor estado se atopa, e a outra por tratarse dun dos dous existentes onde xoga un equipo federado.

Continúa o Sr. Alcalde comentando que o Concello posúe agora mesmo seis campos de fútbol que se utilizan en maior ou menor medida, e que para chegar a elección do campo de Visantoña reuniuse cos directivas dos dous equipos federados para que entre eles se puxeran de acordo e despois de varias conversas acordouse arranxar ó de Visantoña.

O Sr. Alcalde, informa de que a Deputación achegará un 85 % do investimento ata un máximo de 340.000 €, o que pase desa cantidade será aportado polo Concello, co cal o Concello aporta 60.000 € mais os 9.848,51 € que exceden do investimento máximo.

Unha vez dito isto o Sr. Alcalde dálle a palabra os distintos grupos políticos para que pregunten o que estimen oportuno.

Toma a palabra o Sr. Pedreira Candal, portavoz do grupo municipal do BNG, que comenta que a aportación do Concello lle parece unha cantidade bastante elevada, pero que si o Concello o considera conveniente e os equipos de fútbol están de acordo, eles apoiarán a proposta.

A continuación toma a palabra o Sr. Álvarez Monteserín, portavoz do grupo municipal do PP, que solicita unha aclaración sobre si a subvención contempla soamente o que é o terreo de xogo, ou se van facer outro tipo de arranxos en vestiarios, vallas..., ó que lle contesta o Sr. Alcalde que soamente se trata do cambio do céspede do terreo de xogo, co seu drenaxe, canaletas, etc.

Continúa o Sr. Álvarez mostrando a súa conformidade co proxecto, xa que, puntualiza, que todo o que sexa para mellorar as instalacións municipais é benvido.

Finaliza o Sr. Alcalde, coincidindo co Sr. Pedreira, en que se trata, dunha cantidade moi elevada para as arcas municipais, explica que se estivo dilatando no tempo a solicitude desta subvención para poder encadrala nos orzamentos do ano 2008, e comenta que se trata dunha

oportunidade de ouro para contar cun campo de fútbol en moi boas condicións, sendo que o Concello conta con moitas instalacións das que se fai pouco uso pero que, sen embargo, o seu mantemento supón un gran gasto para o orzamento municipal, pero xa que se teñen hai que coidalas.

Visto que ninguén ten mais que engadir procédese a votación a aprobación do acordo, adoptándose por **unanimidade** dos membros presentes.

5. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PsdeG – PSOE SOBRE VÍTIMAS DO TERRORISMO.

A continuación a Secretaria fai lectura da proposta da que o seu teor literal di:

"Nestes días cumpríronse corenta anos dende que a banda terrorista ETA reivindicara a súa primeira acción mortal co asasinato do Garda Civil José Ángel Pardines Arcay. Nestas catro décadas a banda asasina cometeu múltiples atentados que custaron a vida a cerca de 900 persoas de toda procedencia: policías, gardas civís, militares, docentes, concelleiros, periodistas, empresarios, sindicalistas e un longo etcétera. A pesar do sufrimento da sociedade, hoxe en día queda pendente un recoñecemento claro e explícito a todos estes cidadáns que deron a súa vida en defensa da liberdade e a democracia.

Sen embargo, hoxe segue patente unha das manifestacións de maior indignidade para as vítimas de ETA, como é ver o nome dos seus verdugos nas rúas e prazas do País Vasco e Navarra, tendo que recorrer a sentenzas xudiciais para conseguir a retirada de placas desas rúas e prazas dos municipios de Euskadi.

Moitas asociacións cívicas reclaman que sexan retirados eses nomes que manchan a dignidade das vítimas, apoiando, ademais, que nos máis de 8000 municipios españois se realicen actos públicos de recoñecemento a ditas vítimas. Vítimas que son de todas as ideoloxías, de todos os lugares de España, de toda condición social, profesional, económica ou cultural, sen distinción de sexo nin de idade, vítimas que ven vulnerado o seu dereito fundamental de liberdade pola imposición totalitaria dun único pensamento.

A liberdade e a dignidade humana son valores que deben estar presentes na acción política e defendidos con firme determinación polos representantes do pobo elixido democraticamente.

A acción da xustiza, a persecución policial, o impulso da lei e do Estado de Dereito, así como a unidade dos demócratas, non son suficientes para derrotar ao terrorismo se non van acompañados do recoñecemento ás vítimas por defender a liberdade, por non se silenciar ante as ameazas sufridas, por defender España e o seu marco de convivencia, converténdose nun referente ético. É por iso que a sociedade española debe memoria, dignidade e xustiza a todas as vítimas do terrorismo de ETA, GRAPO, TERRA LLIURE, 11M e a Yihad radical islámica.

É o calor que necesitan as vítimas, as súas familias e as persoas máis queridas, e por iso o goberno máis preto a eles, o dos Concellos, é quen ten que demostralo dunha forma indeleble, mediante a adhesión a esta moción de todos os partidos democráticos e forzas políticas integrantes da nosa Corporación.

Por iso, o grupo municipal PSdeG - PSOE propón ao Pleno a aprobación dos seguintes

ACORDOS

PRIMEIRO.- Dedicar o nome de "Vítimas do Terrorismo" a unha rúa ou praza do concello, como recoñecemento institucional do valor humano na súa máxima expresión e pola dignidade con que sufriron un mal inconmensurable en nome de todos.

SEGUNDO.- Elixir a rúa ou praza do concello onde se vai colocar a placa por unanimidade de todos os membros da Corporación Local.

TERCEIRO.- Que no acto de colocación de dita placa se celebre, con participación da sociedade civil, unha homenaxe de recoñecemento o seu sufrimento, á falta de atención que padeceron as vítimas e o seu importante papel en defensa das liberdades."

O Sr. Alcalde, explica que se trata dunha moción remitida polo partido e foi adaptada as condicións do Concello, aprobada a nivel nacional na maioría dos Concellos nestes últimos meses, aínda que non habendo vítimas pertencentes a Mesía, considerouno de recibo levalo a Pleno, adaptando a proposta no senso de poñerlle nome a unha praza do Concello, manifesta a confianza de chegar a un acordo unánime nesta moción, porque pensa que é lóxico dignificar as vítimas e expresar a total repulsa contra calquera acto terrorista. Continúa dicindo que o equipo de goberno estará aberto a calquera proposta de ubicación que teña pensado, chegando hoxe a un acordo ou postergalo para que presenten as ideas que estimen convenientes e debatelo mais adiante.

O Sr. Alcalde, dálle a palabra ós grupos políticos da oposición, intervén o Sr. Pedreira Candal, manifestando estar de acordo co contido da proposta e comenta que a ubicación concreta non a teñen pensada, dicindo que se pode debater agora ou mais adiante.

Pola súa parte o portavoz do grupo político do PP, D. Severino Álvarez, tamén mostra a súa conformidade da moción, manifestando igualmente a súa repulsa contra calquera tipo de terrorismo, declarando o seu apoio as vítimas, e con respecto a ubicación concreta, tendo en conta que existe a praza do Concello que representa a soberanía do municipio consideran que non sería un mal sitio para render homenaxe ás vítimas, pero declara que non teñen especial interese nun sitio concreto.

Continúa o Sr. Alcalde, que visto o manifestado polos concelleiros, a ubicación da praza deixarase para o próximo pleno onde cada grupo político traerá unha proposta, chegando a un acordo entre todos.

Visto que ninguén ten mais que engadir procédese a votación do presente punto da orde do día aprobándose por **unanimidade** dos membros presentes da Corporación.

6. DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS (08/2008 a 13/2008) E DECRETOS DE ALCALDÍA (49/2008 a 122/2008).

Comenta o Sr. Alcalde que visto que coa convocatoria da sesión xa se lle entregou a cada grupo político unha relación dos decretos e resolucións, considera que non hai nada mais que comentar ó respecto.

7. DAR CONTA DAS ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DENDE O 10 DE ABRIL ATA O 5 DE XUÑO DE 2008.

Neste punto o Sr. Alcalde declara o mesmo que no punto anterior.

8. ROGOS E PREGUNTAS:

Pásalle a palabra o Sr. Alcalde ó portavoz do grupo municipal do BNG o Sr. Pedreira Candal, quen manifesta que pola súa actividade profesional non puido acudir ó concello a revisar os decretos e resolucións, polo que considera que se atopan nunha situación de indefensión manifesta polo que solicita ó Sr. Alcalde que lle aclare o contido da relación de decretos e resolucións que a continuación relaciona: decretos números 50, 51, 52, 53, 55, 57, 58, 59, 60, 62, 63, 64, 65, 67, 68, 69, 70, 71, 72, 74, 75, 76, 77, 78, 79, 80, 83, 89, 90, 91, 93, 94, 95, 96, 97, 98, 99, 100, 101, 103, 106, 109, 110, 111, 112, 113, 114, 115, 116, 117, 118, 119, 120 e 121 e resolucións da 8 á 13, e puntualiza que entenderan no anterior pleno que se lle ían dar copias como se viña facendo nos últimos anos, porque considera peregrino o argumento de que se gasta moito papel ou que resulta moito traballo para os empregados municipais.

Pregúntalle o Sr. Alcalde ó Sr. Pedreira, que é o que quere saber, o que lle contesta o Sr. Pedreira que queren coñecer o seu contido e que decisións se adoptaron neles. Seguidamente o Sr. Alcalde pregunta se quere saber algo mais, facendo o Sr. Pedreira un rogo sobre a posibilidade de dar limpeza as cunetas da pista que vai de Mesía a Cabrui, o que o Sr. Alcalde contesta que antes das festas intentarán dar limpeza nesa pista, xa que se atopan dous tractores traballando polas distintas pistas do concello.

Toma a palabra neste intre, o Sr. Álvarez Monteserín, comunicándolle que se atopa desilusionado por non tomar en consideración a súa solicitude, feita no pleno anterior, de remitirlle copia dos decretos, cousa que non fixo, aínda que recoñeceu que foi unha solicitude feita coa debida corrección. Pensa que nin politicamente nin institucionalmente se vai gañar nada, senón que se vai ser menos operativos. Continúa dicindo que o grupo popular non ven os plenos a boicotear a acción de goberno polo que esperaba certa xenerosidade, que non conseguiu, polo que solicita lle aclare o contido do decreto 57, relativo a contratación laboral urxente, quere saber porqué é urxente e cales son eses contratos; o decreto 60 relativo á adxudicación das obras das Brañas de Valga, queren saber que é o que se está facendo alí; o 63 relativo a devolución duns ingresos indebidos, cales son e porqué son indebidos; o 65 relativo a adxudicación da adquisición dunha finca que imaxina que será para a construción do Centro de día; o 71 relativo ó nomeamento do director de traballo do PXOM, que imaxina que cambiou a directora porque entende que sería a anterior secretaria; o 96 de cultura e deportes, cales son as melloras que sen van facer instalacións municipais; e os decretos 99, 100, 101 relativos a persoal, contratacións que entende que son do programa de fomento de emprego; e en relación coas resolucións quere que lle aclare a resolución número 12, de aprobación do proxecto da Casa Consistorial, en que consiste.

Continúa o Sr. Álvarez Monteserín cunha serie de rogos. O primeiro é sobre a posibilidade de dotar de auga a un punto xa existente na parroquia de Visantoña, que agora mesmo carece dela.

En segundo lugar, dálle traslado dunha petición que lle fixeron chegar os veciños, sobre a pista de concentración parcelaria que vai dos Ricos á Fraga de Visantoña, que se atopa impracticable e na que desembocan novas pistas de concentración, asunto que entende xa debe coñecer o Sr. Sánchez como presidente da Comisión da concentración parcelaria de Visantoña, polo que como agora están traballando as máquinas nesa zona, solicita que como Alcalde se interese polo asunto. Como terceiro rogo indica que Medio Rural está acondicionando locais en varios concellos como punto de encontro das brigadas de incendios, explica non sabe como se realiza a xestión pero parece que se están asinando convenios, como no concello de Tordoia e no de Touro, para que habiliten un local a tal fin, polo que lle prega que realice as xestión necesarias para que a brigada de incendios desta zona conte cun local neste concello porque lle parece que sería vantaxoso e favorable. Por último o Sr. Álvarez, pregúntalle ó Sr. Alcalde polas beirarrúas de Visantoña, quere saber si hai algún proxecto, si está aprobado e sobre todo onde empezan e onde acaban.

Contesta o Sr. Alcalde, a esta última pregunta, dicindo que o proxecto está en fase de contratación, atópase completamente aprobado, e que agora mesmo está en intervención, e que lle fará chegar unha copia do plano xa que de memoria non o recorda. Pregunta o Sr. Álvarez, se o ten que solicitar por escrito, o que o Sr. Alcalde di que non, que llo fará chegar facendo mostra da súa xenerosidade. Continúa o Sr. Alcalde que segundo conversación que tivo co Delegado confía incluso que se empece no verán. En relación co local para a brigada de incendios, comenta o Sr. Alcalde que lle parece que ben determinado polo lugar onde o distrito teña pensado ubicar as bases, e con este concello ninguén se puxo en contacto para solicitar un local, polo que pensa que a ubicación das cuadrillas ben determinado pola situación que estratexicamente consideren mais idóneas. A isto, o Sr. Álvarez, contesta que sabe que no seu día o concello de Frades ofreceu un local ó distrito, que parece que non era idóneo, as características do mesmo son moi sinxelas, requírese un local para que os membros da cuadrilla poidan cambiarse e deixar a súa roupa de calle e o seu material, pero que polo que o Sr. Álvarez sabe, parece ser que si estiveron abertos ás ofertas dos distintos concellos. Contesta o Sr. Alcalde, comentando que o luns se poñerá en contacto co Delegado e si hai algunha posibilidade, farase un esforzo, porque tamén considera beneficioso que a brigada de incendios teña un punto de encontro no concello.

Pasa o Sr. Alcalde a falar sobre a pista de concentración aludida polo portavoz do grupo municipal do Partido Popular, manifestando que descoñecía que a pista estivera en mal estado, pero que pasará a comprobalo.

Continúa falando o Sr. Alcalde, sobre o punto de auga existente en Visantoña, aludindo ó Sr. concelleiro D. Adolfo Grobas, que coñece a situación do citado punto de auga, e explica que como Alcalde ten a obriga de que exista un en cada parroquia, para que poidan cargar as cisternas, polo que si non se pode dotar o existente, farase un novo.

Diríxese o Sr. Alcalde, neste momento o portavoz do grupo municipal do BNG, preguntándolle dende que ano ten a condición de concelleiro, ó que resposta que dende o ano 1999, polo que continúa dicindo que debe saber que o posto de concelleiro é insubstituíble e indelegable, polo que si as súas obrigas profesionais non lle permiten exercer as súas funcións políticas, deberá plantexarse facer tempo. Contesta o Sr. Pedreira dicíndolle ó Sr. Alcalde que o decepciona, pedíndolle este último que lle deixe acabar a exposición, explicando que nin agora nin o anterior Alcalde nunca lle sacaron a palabra.

Continúa o Sr. Alcalde, manifestando que se lle facilita toda a documentación que lle corresponde por lei e establece o Regulamento orgánico do concello, aprobado no ano 2001, e aínda

que, continúa, polo Sr. Álvarez Monteserín, se diga que está demasiado ben pagado, cousa na que non está de acordo, e dille o Sr. Pedreira que non lle pode pedir que faga a labor de goberno e a da oposición, porque esa correspóndelle a eles e para iso non lle poñerá nunca ningunha traba, ten na Secretaría do Concello a súa disposición, manifesta que sempre lle facilitou todo o que lle pediu, e parécelle que non é de recibo que no Pleno lle pregunte por 22 Decretos, dos que se lle fai unha exposición e que o día seguinte lle meta unha solicitude por rexistro pedindo as copias, declarando o Sr. Alcalde que non vai permitir que o vacile, polo que cambiou a súa postura pois tiña pensado darlle copia dos decretos.

Pide a palabra o Sr. Bello Salvado, mostrándose de acordo co Sr. Alcalde, en que non foi acerta a presentación da solicitude, pero quere que recoñeza que se presentou a falar con el dicíndolle que rachara o escrito porque non lle parecía correcto. O Sr. Alcalde pregúntalle si algunha vez solicitou algo que non se lle dera ou se lle puxera algún tipo de traba, ó que o Sr. Bello contesta que non, polo que explica que como Alcalde – Presidente soamente lle poden pedir que cumpra cos seus deberes inherentes ó cargo, o resto é un xesto de xenerosidade deberán facerse merecedores deles.

Recoñece o Sr. Bello Salvado, que nos últimos tempos é cando mais documentación se recibe por parte do Concello, pero tamén quere que o Sr. Alcalde recoñeza que el foi o concello para comunicarlle que o escrito presentado non lle parecía conveniente e que falaría co seus compañeiros de partido, recalcando que considera que o contido nos decretos e resolucións non é ningún secreto. Contesta o Sr. Alcalde que nada do que ocorre no Concello é ningún secreto pero repítelle que todos os sentados a sesión plenaria teñen uns deberes e unhas obrigas que teñen que cumprir, e si a oposición non o fai, explica que non poden querer cargarlle o morto o outro. Intervén o Sr. Bello dicindo que non pon ese tema en discusión senón que fai mención a unha dinámica de traballo que había que facilitaba, dadas as características de ser un concello pequeno, onde non hai unha asignación económica ós grupos municipais, etc. a persoa que leva a convocatoria podería levar tamén as copias dos decretos e resolucións para que a oposición poida preguntar as dúbidas que teña, cousa que comentou no Pleno anterior.

O Sr. Alcalde di que en ningún momento dixo que ía dar as copias, senón que o ía estudar, facendo mención a que como dixo O Sr. Álvarez Monteserín, como aínda o está estudando non lle fai caso, pero di que iso lle parece unha opinión completamente subxectiva, manifesta que o grupo municipal do BNG leva varios anos no Concello con outros equipo de goberno onde se lle daba moita menos información, o que menoscababa a súa labor de oposición, o que replica o Sr. Bello que esa maneira de actuar non dificultaba a súa labor senón que era unha ilegalidade, polo que replica o Sr. Alcalde que entonces o BNG fai o mesmo traballo con información que sen ela.

Continúa o Sr. Alcalde explicando que o seu antecesor lle proporcionou todo o que lle correspondía por lei e algo mais, porque a lei non obriga a dar copias dos decretos e resolucións, ó que contesta ó Sr. Bello Salvado que a lei tampouco di que non se deban dar, respondendo o Sr. Alcalde que nunca se dou tanta información como agora, o que pasa é que a oposición non se molesta en analizala.

Finaliza o Sr. Bello que todo isto ben dado porque o Sr. Alcalde lle pareceu mal o escrito que se meteu en rexistro, do que se desculpa, pero que a Lei é interpretable e o feito de que non estableza que hai que dar as copias non quere dicir que non se poidan dar.

Toma a palabra o Sr. Pedreira, por alusións, facendo referencia a súa labor política, explicando que dende o ano 1999 houbo unha serie de cambios, pero tendo en conta que o Sr. Alcalde se considera independente dentro do PsdG-PSOE, considera o Sr. Pedreira que o Sr. Alcalde renega do principio primordial que defendían, que era a transparencia e practicidade que supoñía entregar as copias dos decretos e resolucións porque en vez de pregunta por 50 decretos preguntaríase por 5. Continúa dicindo que non lle vale a explicación de que supoñen moito gasto, cando hai 400.000 euros para un campo de fútbol, fai mención o que dixo ó Sr. Alcalde de que se consideraba mal pagado, o que lle resposta que el non se considera mal pagado senón que lle parece un trato discriminatorio porque se utiliza unha vara de medir para os concelleiros do goberno e outra para os da oposición. Intervén o Sr. Alcalde dicindo que está moito peor pagado o seu tempo que o da oposición porque lle dedica moitas mais horas. Finaliza repetindo, o Sr. Pedreira, que se sinte decepcionado, xa que o seu traballo non lle permite acudir ó Concello, e solo quere as copias para ter no seu arquivo porque se sinte satisfeito coas explicacións que lle dou o Sr. Alcalde no anterior Pleno sobre eles.

Contéstalle o Sr. Alcalde ó Sr. Pedreira dicíndolle que en ningún momento lle dixo que lle ía a dar as copias, o que non quere dicir non llos vaia dar, pero explícalle que agora non o vai facer e cando pase polo Concello explicaralle porqué, e en relación coa transparencia repítelle que nunca se lle dou tanta información como agora, e que non se queixe de trato discriminatorio porque o feito de que se cobren distintas as Xuntas de Goberno Local que os Plenos pasa no 95 % dos Concellos de Galicia, o feito de dar solo unha relación nominativa dos Decretos pasa no 99 % de Galicia, quedando o 1 % que xa non da relación nin copias como, explica, pasou no concello durante moito tempo.

Neste intre, toma a palabra o Sr. Álvarez Monteserín, dicindo que non o acuse de subxectivo, porque explica que todo o que non se pode medir é subxectivo, o feito un pense que cobra moito ou pouco é subxectivo, pero continúa dicindo que o feito de que tarde tres meses en tomar unha decisión sobre si vai dar as copias dos decretos é obxectivo, e non lle parece normal, ó que lle contesta o Sr. Alcalde que tamén é subxectivo o tempo que o Sr. Álvarez pensou que lle ía levar tomar unha decisión, porque tres meses en política é pouco.

Finaliza o Sr. Alcalde dicindo que sobre os 54 decretos e 6 resolucións sobre as que lle preguntou o Sr. Pedreira e ós 9 decretos e 2 resolucións sobre as que preguntou o Sr. Álvarez terán a debida contestación por escrito antes do próximo Pleno e senón lle fose posible informaralles sobre eles nas devandita sesión.

Non habendo máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde - Presidente, sendo as once horas e corenta minutos, levanta a sesión, da que eu, Secretaria – Interventora accidental, certifico.